



RECOMENDACIÓNS AOS CIDADÁS CON MOTIVO DA FOLGA DA RECOLLIDA DE LIXO

O Concello sigue a apelar, sen escatimar nengún esforzo, á empresa adxudicataria da recollida de lixo e aos representantes dos traballadores, cara a obter un acordo que **evite a folga** convocada a partires de hoxe día 30 de abril.

De non producirse este acordo solicitamos a **máxima colaboración e comprensión dos vigueses** e pregámoslles atendan os seguintes consellos:

RECOMENDACIÓNS:

1- Recoméndase que, na medida do posible, os cidadáns **reduzan e retrasen** o depósito de lixo na rúa durante os días de folga.

2- Pídese que, no caso de saturación da capacidade dos colectores de lixo, as bolsas que se depositen fóra dos mesmos estén **perfectamente pechadas** para evitar desprendementos de lixo no pavimento así como cheiros innecesarios.

3- Como a folga non afecta á recollida selectiva e baleirado de papeleiras, **os vigueses poderán seguir utilizando os colectores de reciclaxe de papel-cartón, envases, vidro e pilas así como a utilización das papeleiras.**

4- Así mesmo, solicítase aos **mercados, supermercados, centros comerciais e outras grandes áreas** a súa colaboración durante os días de folga **reducindo, na medida do posible, a xeración de lixo.**

SERVIZOS MÍNIMOS:

Os servizos mínimos que se prestarán, según o art. 1 do decreto 155/88, durante o transcurso da folga serán os que seguen:

• Quenda de mañá

A partir das 06:00h un camión de carga lateral e outro de carga traseira con 2 operarios para efectuar a recollida do lixo nos hospitais, centros de saúde, centros benéficos e centros de ensinanza con comedor (colexios, garderías e institutos).

• Quenda de tarde

A partir das 14:00h, un camión con 2 operarios para a recollida de mercados e centros comerciais.

Igualmente durante as 3 quendas de traballo (mañá, tarde e noite) permanecerá como retén nas instalacións da concesionaria un camión brigada con 3 operarios para acudir a resolver calquera contratempo que xurda na cidade a instancias da Policía Local ou Nacional, a mais dun mecánico no taller.

O Concello de Vigo agradece a colaboración e comprensión dos cidadáns.